



Concello de  Oleiros

[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

## XII Torneo de Tenis de Mesa Concello de Oleiros 2011

Este Torneo está encadrado dentro do Circuito Galego da FGTM.

### LOCAL DE XOGO

Disputarase no Pavillón Municipal de Bastiagueiro, Rúa Uxío Novoneira s/n (pola estrada AC-173, km. 3, rúa que sae fronte ao almacén do supermercado Halley), Oleiros. Buscar en <http://maps.google.es/> “Calle de Uxío Novoneira, Oleiros” (o pavillón está ao final da rúa).

### DATA e HORARIOS

Sábado 18 de Xuño de 2011, de 09,30 a 21:00. Categorias.

Domingo 19 de Xuño de 2011, de 09,30 a 21:00: Absoluto Masc. e Fem.

### PROBAS A DISPUTAR

- Benxamín Masculino e Feminino.
- Alevín Masculino e Feminino.
- Infantil Masculino e Feminino.
- Cadete Masculino e Feminino.
- Sub-23 Masculino e Feminino.
- Veteranos Masculino e Feminino.
- Absoluto Masculino e Feminino.

Se non se acadase un mínimo de 8 participantes en cada proba, unificaranse Masculino e Feminino, e si aínda así non se acadase o cupo de 8 pasarían a disputar a proba seguinte.

### SISTEMA DE XOGO

De ser posible, e de acordo co Xuíz Árbitro designado pola FGTM, cada proba disputarase en dúas fases: 1ª Fase: Formaranse grupos. Fase Final: Cadros eliminatorios. Os horarios de cada proba, poranse dependendo dos inscritos. As semifinais e finais de todas as categorías disputaranse ao final do día.

## ARBITRAXES

Os partidos da 1ª Fase serán arbitrados polos propios xogador@s. As eliminatorias da Fase Final, ata semifinais, por os xogador@s que queden eliminados. A partir de aí, por árbitros designados pola propia organización.

## INSCRICIÓNS

Os clubs interesados en participar neste torneo , pertencentes á Federación Galega de Tenis de Mesa, deberán facelo a través do formulario que xa está a disposición deles dende a sección de FORMULARIOS da páxina da Federación Galega de Tenis de Mesa, antes das **20,00 horas do día 13 de Xuño** de 2011. Os clubs non pertencentes á FGTM formalizarán a súa inscrición via e-mail a seguinte dirección: [Ranking-Circuito-Galego@iservicesmail.com](mailto:Ranking-Circuito-Galego@iservicesmail.com)

## NOTAS

- Habrá trofeos para os tres primeiros clasificados de cada proba disputada.
- A participación mínima por proba será de 8 xogador@s.
- Non se permitirá a inscrición no mesmo día en mais dunha proba, a non ser que non interfiran.
- O Comité de Organización deste torneo, xunto co Xuíz Árbitro designado pola FGTM, poderán facer os cambios que estimen oportunos tendo en conta as altas ou baixas que se poidan producir.
- A participación neste torneo implica a aceptación de todo o exposto anteriormente